



CICLO PRINCIPAL

OUTONO
2023

 **TEATRO**
Rosalía Castro





CICLO PRINCIPAL

OUTONO 2023

SETEMBRO

Venres 15 e sábado 16

**LA ISLA
DEL AIRE**

Venres 29 e sábado 30

HAMELIN

OUTUBRO

Venres 06 e sábado 07

ARRAIANOS

Venres 20 e sábado 21

SUPERNORMALES

 **TEATRO**
Rosalía Castro



CICLO PRINCIPAL

OUTONO 2023

NOVEMBRO

Venres 03 e sábado 04

CIELOS

Venres 17 e Sábado 18

CONSTANTE

Venres 24 e sábado 25

BÚHO

DECEMBRO

Venres 15 e sábado 16

ABRE EL OJO

Xoves 21 e venres 22

ADICTOS

Venres 22

MA SOLITUD

Xoyes 28

SÍBARIS

 **TEATRO**
Rosalía Castro



VENRES 15 E SÁBADO 16 DE SETEMBRO / 2023



LA ISLA DEL AIRE

De Alejandro Palomas

Teatre Romea de Barcelona co apoio do L'Institut Català de les Empreses Culturals

En Menorca, unha familia de cinco mulleres, guiadas pola vella Mencía (a matriarca da familia), adéntranse nunha viaxe en barca á Illa do Aire. A desaparición de Helena, a neta maior de Mencía, está moi presente pola mente da familia e, durante esta excursión, Mencía obrigará ás súas fillas e netas a enfrentarse á verdade e aos segredos que ocultan.

REPARTIMENTO:

Nuria Espert: Mencía

Vicky Peña: Lía

Teresa Vallicrosa: Flavia

Miranda Gas: Bea

Candela Serrat: Inés

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección: Mario Gas

Axudante de dirección: Montse Tixét

Escenografía: Sebastià Brosa

Vestuario: Antonio Belart

Iluminación: Paco Ariza

Música orixinal e espazo sonoro: Orestes Gas

Videoescena: Álvaro Luna coa colaboración de Evira Ruiz

Caracterización: Núria Llunell

Voz: Anabel Moreno

Sastrería: Noelia Echevarria, Laura Grané

Márquetin e comunicación: Teatre Romea

DURACIÓN ESTIMADA:

80 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa: ISLA



VENRES 29 E SÁBADO 30 DE SETEMBRO / 2023



HAMELIN

De Juan Mayorga

Redrum Teatro



Era unha vez unha bela cidade chamada Hamelin. A cidade encheuse de ratas. Ata que alguén fixo soar unha fermosa música”. A versión áspera do conto é máis verosímil e parécese máis ao mundo no que vivimos. No noso mundo, os nenos son os primeiros que pagan. Pagan os vicios dos maiores, as mentiras dos maiores. Neste sentido, o Hamelin que non sabe protexer aos seus nenos é como moitas cidades do noso mundo. Mayorga aborda o tema da pederastia cunha linguaxe e escenas cheas de elipses, onde as cousas quedan aludidas, onde o espectador debe poñer da súa parte para interpretar, para imaxinar, para encher os silencios. Juan Mayorga aborda o tema dunha maneira moi sutil, os silencios dos personaxes encerran grandes verdades, evita unha linguaxe soez e opta por un espectador activo que imaxine máis aló do que se mostra en escena..

REPARTIMENTO:

Guillermo Carbajo, Roberto Leal, Laura Míguez, Mónica García, Machi Salgado, Rubén Porto e Fran Lareu

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección e tradución: Alex Sampayo

Deseño de iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio

Escenografía: Alex Sampayo

Espazo sonoro: Fernando Epelde

Axe.dirección: Laura Míguez

DURACIÓN ESTIMADA:

90 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa B



VENRES 06 E SÁBADO 07 DE OUTUBRO / 2023



ARRAIANOS

De Xose Luis Méndez Ferrín, adaptación de Ánxeles Cuña Bóveda e Fernando Dacosta

Sarabela teatro



Unha das obras fundamentais da literatura galega. **ARRAIANOS** é unha suma de relatos que estremecen e fan deambular por mundos nos que transitan o erotismo, o misterio, a miseria, e a grandeza da alma e da vida. Historias de bruxas, contrabando, caciquismo e agrarismo.

Dunha beleza inmensa e evocadora, Ferrín, consegue reconciliarnos coa maxia da súa delirante maneira de describir o mundo.

É na Raia Seca, mundo mítico, creado polo autor, onde viven personaxes posuídos polo pasado, polas paixóns, polo poder das supersticións e dos mitos. Ao redor dunha icona territorial, o monte Penagache. Na fronteira, liña invisible entre a Galicia interior e o norte de Portugal; onde se funden a realidade e a ficción; a vida e a morte. No límite da fantasía.

REPARTIMENTO:

Fernando Dacosta; Elena Seijo; Vazdim Yukhnevich, Fernando González; Fran Lareu, Sabela Gago; Fina Calleja

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda

Deseño de iluminación / espazo escénico: Baltasar Patiño

Vestuario: Tegra V. Carpentier, Lele Álvarez e Sarabela Teatro

Maquillaxe e caracterización: Sarabela

Dramaturxia do movemento: Rut Balbís

Espazo sonoro: Renatta Codda Fons

Composición musical: Vazdim Yukhnevich

Máscaras e imaxes: Iris Branco

DURACIÓN ESTIMADA:

70 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa: B



SUPERNORMALES

De Esther F. Carrodegua

Centro Dramático Nacional

Supernormales é un xogo cómico que nos enfrenta aos nosos propios prexuízos ao redor do colectivo de persoas con diversidade funcional, xerados dentro dunha sociedade neoliberal e patriarcal pero sobre todo 100 % capacitista na que os corpos, as realidades, as necesidades e as vidas das persoas que non poden producir ao ritmo que vén imposto non queda máis remedio que ver como lles pasan por diante case todes.

Polo camiño, á maioría destas persoas practicamente negóuselle [historicamente] a vivencia dunha sexualidade propia e natural. E colocáronse [ademais] fóra do DESEXO. É xustamente desde este punto desde o que pretendo reflexionar sobre o anterior, incluíndo a propia reflexión sobre a creación con persoas diversas e sobre a dificultade de eliminar as barreiras existentes para a entrada, comprensión ou goce da propia obra teatral que se está vendo [ou non!].

Esther F. Carrodegua.



VENRES 20 E SÁBADO 21 DE OUTUBRO / 2023

REPARTIMENTO:

Alicia, Lola la bola, Amiga de Juan, Les coleguites

modernes, Líder feminista: Carolina África

Jorge el Chirrimito, Germán, Toñito, Jude Law:

José Manuel Blanco

Carmela, Mame: Elvira Cuadrapani

Policía, Eladio, Panadero, Amigo de Juan,

Les coleguites modernos, Manolo: Emilio Gavira

María, Voz de Sarita: Natalia Huarte

Padre de Sarita, Jesús, Simón, Pape: Jorge Kent

Policía, Puta do pobo, Madre de Raúl, Gasolinera,

Líder de les Diverses: Mónica Lamberti

Sarita Granero, Amiga de Juan, Les coleguites

modernes: Anna Marchessi

Carlos, Juan, Raúl: Marcos Mayo

Madre de Mateo, Mari Pili, Terapeuta: Inma Nieto

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección: Iñaki Rikarte

Escenografía: Mónica Boromello

Iluminación: Felipe Ramos

Vestuario: Ikerne Giménez

Música e espazo sonoro: Luis Miguel Cobo

Axudante de dirección: Rolando San Martín

Coaching de interpretación e apoio en inclusión: Kube

Escudero e Andrés Valera Gofi (AMÁS Escena)

Asesora de inclusión: Inés Enciso

DURACIÓN ESTIMADA:

100 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa: A



VENRES 03 E SÁBADO 04 DE NOVEMBRO / 2023



CIELOS

De Wajdi Mouawad

Produción de Barco Pirata en coprodución
con Producciones Rokamboleskas

Esta obra pecha a tetraloxía de *La sangre de las promesas* xunto con *Incendios*, *Litoral* e *Bosques*, todas elas cun punto en común: a traxedia que arrastra a humanidade.

Cielos lévanos a un lugar apartado onde un grupo de criptógrafos, tradutores e investigadores traballan contrarreloxo para tratar de impedir un ataque terrorista múltiple que ten por obxectivo provocar un desastre social.

Cielos ábrese cunha voz, captada e decodificada entre os millóns de voces que poboan o ceo virtual das mensaxes en liña. Esa voz, que fala en nome dos fillos devorados por todas as guerras do século xx, culpa aos pais do sangue derramado de xeracións e ameaza cunha vinganza devastadora: un atentado terrorista de insólitas dimensións. Pero, como no mito de Casandra, esa voz que fala do sangue derramado polos fillos por mandato dos pais, esa voz que proclama a vinganza

dos fillos multiplicándose en voces que falan en todos os idiomas, non pode ser entendida por quen foi precisamente comisionados polos máis altos poderes do Estado para descifrala.

REPARTIMENTO:

**Marta Belmonte, Jorge Kent / Xoel Fernández,
Álvaro Monje, Pedro Rubio, Javier Tolosa**

Reperto video proyecciones: Sergio Lanza,
Rodrigo Simón

Voz de Anatol: Ricardo Gómez

Coa colaboración de Fredy Steegmann, Silvia Berdullas,
Alan Veziri Saeedi, Javier Blázquez, Beatrice Bonitti,
Beata Iwona Kruk

Voz cantada: Elvira Santa María

Voz periodista: Pepa Fernández

Voces en off: Alan Veziri Saeedi, Bin Ma, Lola Barrio,
Agnes Kiraly, Javier Blázquez, Beata Iwona Kruk,
Alessio Meloni, Sergio Peris- Mencheta, Paula Iwasaki,
Merlín Baeza Ortega, Max Ulloa, Ona Ulloa, Olmo
Peris-Mencheta, Río Peris-Mencheta, Angelica Sandoval
e Ricardo Sandoval.

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección e tradución: Sergio Peris-Mencheta

Composición musical: Joan Miquel Pérez

Deseño de escenografía: Alessio Meloni (AAPEE)

Deseño de iluminación: David Picazo (AAI)

Deseño e realización de vestiario: Elda Noriega (AAPEE)

Deseño de son: Enrique Mingo

Deseño videoescena: Ezequiel Romero

Deseño atrezzo: Eva Ramón

Axudante de dirección: Óscar Martínez-Gil

Dirección técnica: Manuel Fuster

Dirección de produción e produción executiva:

Nuria – Cruz Moreno

DURACIÓN ESTIMADA:

105 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa A



CONSTANTE

Versión de Guillermo Calderón (Chile) e Gabriel Calderón (Uruguay) sobre *El príncipe Constante* de Pedro Calderón de la Barca

Producción da Comedia Nacional da Intendencia de Montevideo

Facer un clásico implica discutir e reafirmar a súa validez. Poñerse na liña da súa tradición, pero apuntar cara a unha dirección no futuro. Á súa vez, os nomes que sempre pesan, traen consigo unha liñaxe, pero tamén prexuízos e expectativas. Facer un Calderón, non é o mesmo se quen o fai é outro Calderón.

O xogo de propoñer un Calderón ao cubo, tomando unha obra que escribiu Pedro Calderón da Barca, intervindo desde a escritura e a dirección contemporánea tanto Guillermo Calderón como Gabriel Calderón, impón unha toma de decisións.

Decidimos queimar a biblioteca- parafraseando a Borges traballar co texto coma se estivese perdido, coma se xa non puidésemos acceder a el, coma se o soñáramos mal, o traducíramos peor, talvez traizoando a Calderón, pero sendo fieis ao Teatro.

VENRES 17 E SÁBADO 18 DE NOVIEMBRE / 2023

Nunha pequena cidade dun pequeno país de Latinoamérica un diñeiro ruso de dubidosa procedencia permite facer unha coprodución internacional do *Príncipe Constante*. Tempo despois, cando a obra xa fracasou, unha cama, aquela cama onde se torturou ao Príncipe, é o nó de poxas, pelexas, reclamos, soños, investigacións e crimes.

A constancia da arte, a constancia da fe e do amor, da violencia e das guerras, e sobre todo a constancia de Calderón, un nome que propón aínda hoxe, loitas por dar.

REPARTIMENTO:

Luis Martínez, Stefanie Neukirch, Jimena Pérez, Juan Antonio Saraví e Pablo Varrailhón

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección: Gabriel Calderón

Escenografía: Lucía Tayler

Iluminación: Eduardo Guerrero y Sofía Ponce de León

Vestuario: Virginia Sosa

Deseño sonoro: Luciano Supervielle

Traspunte: Cristina Elizazú

Consejo artístico: Gabriel Calderón, Fernando Dianesi, José Miguel Onaindia, Jimena Pérez, Florencia Zabaleta.

Comunicación: Carolina Anastasiadis

Fotografía: Carlos Dossena y Santiago Mazzarovich

Producción executiva xira España: Elena Martínez

Producción executiva Comedia Nacional:

Felipe Villarmarzo Grisoni

Dirección xeral e artística de Comedia Nacional:

Gabriel Calderón

DURACIÓN ESTIMADA:

90 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa E



VENRES 24 E SÁBADO 25 DE NOVIEMBRE / 2023



BÚHO

De Diego Lorca

Titzina



Pablo, un antropólogo forense especializado en xacementos paleolíticos sofre un ictus que lle provoca unha amnesia severa. Asistimos a unha búsqueda interior pola súa memoria para recuperar os seus recordos, en definitiva, a súa identidade.

REPARTIMENTO:

Diego Lorca e Pako Merino

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Idea e creación: Diego Lorca e Pako Merino

Dirección: Diego Lorca e Pako Merino

Dramaturxia: Diego Lorca

Composición musical e son:

Jonatan Bernabeu e Tomomi Kubo

Deseño iluminación: Jordi Thomàs

Dirección técnica: Albert Anglada

Deseño vídeo: Joan Rodón

Vestuario: Ona Grau

Deseño de escenografía: Rocío Peña

Producción: Luz Rondón

DURACIÓN ESTIMADA:

85 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa A



ABRE EL OJO

De Rojas Zorrilla

Producción de Noviembre Compañía de Teatro

Don Clemente vive no medio dun triángulo amoroso sen decidirse entre unha viúva chamada dona Hipólita; unha caseira resentida: dona Beatriz e unha dama sen prexuízos con moita lixeireza social chamada dona Clara, aínda que hai que dicir que esta última atópase nunha situación parecida con tres cabaleiros: o citado galán don Clemente, o falador insoportable Don Julián de la Mata e o rexedor de Almagro don Juan Martínez Caniego que, como se adoita dicir, é “máis bruto ca un arado”. Cartilla e Marichispa, os criados, tratarán, cun éxito relativo, que os seus respectivos amos consigan os seus propósitos, pero namentres xérase un divertido

VENRES 15 E SÁBADO 16 DE DECEMBRO / 2023

enredo de loitas escénicas, amantes escondidos, enganos insólitos e continuas mudanzas ante a insistente persecución da xustiza.

Finalmente o importante é advertir ao espectador que debe “abrir o ollo” para estar atento ante calquera engano por parte dos seus amantes, porque aínda que todo pasa sobre a escena nunca se sabe cando a burla lle pode afectar ao propio espectador...

REPARTIMENTO:

Don Clemente: Rafael Ortíz

Doña Clara: Elena Rayos

Don Julián de la Mata: Alberto Gómez Taboada

Cartilla: Manu Pico

Juan Martínez Caniego: Jesús Calvo

Doña Hipólita: Celia Pérez

Doña Beatriz: Mar Calvo

Marichispa: Anna Náchter

Ganapán: Daniel Santos

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Versión e dirección: Eduardo Vasco

Maestro de armas: José Luis Massó

Música e cancións: Eduardo Vasco

Iluminación: Miguel Ángel Camacho

Vestuario: Lorenzo Caprile

Escenografía e atrezzo: Carolina González

DURACIÓN ESTIMADA:

90 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa E



XOVES 21 E VENRES 22 DE DECEMBRO / 2023



ADICTOS

De Daniel Dicenta Herrera e Juanma Gómez

Pentación espectáculos

Adictos somos todos...

Adictos xorde da necesidade de abordar unha problemática que nos afecta a todos: ata que punto estamos sometidos pola tecnoloxía? Somos realmente libres? Que tipo de sociedade construímos? Que panorama nos plantexa o futuro máis próximo? Realmente merecemos o cualificativo de “seres humanos”?

Estas cuestións, que raramente hoxe se ven expostas por riba dun escenario, deben confrontarse co público contemporáneo. A realidade de **Adictos** é a da expansión progresiva da desinformación. Unha ficción cuxos personaxes manifestan inquietudes que nos incumben a todos, cuestionando paradigmas que, ata o de agora, asumimos como válidos e certos pero que poida que escondan mentiras, que estean distorsionando as nosas vidas. A transformación do personaxe de Ronsel vén a ser unha metáfora da disposición do ser humano para cambiar de actitude.

Os autores reivindicán a través deste texto a capacidade de reacción do ser humano. O punto de rebeldía que sempre é necesario para que as cousas evolucionen cara unha meta mellor, cara o horizonte no que todos poidamos gozar dunha vida tecnoloxicamente sa e socialmente libre.

Juanma Gómez e Daniel Dicenta Herrera

REPARTIMENTO:

Lola Herrera, Lola Baldrich e Ana Labordeta

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Escenografía: Curt Allen Wilmer y Leticia Gañán - Estudiodedos (AAPEE)

Vestuario: Pablo Menor

Iluminación: José Manuel Guerra

Espazo sonoro: Jorge Muñoz

Axudante de dirección: Jorge Muñoz

Dirección: Magüi Mira

DURACIÓN ESTIMADA:

80 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa E



VENRES 22 DE DECEMBRO / 2023



MA SOLITUD

De Guillem Albà Sergio Martínez e Joan Arqué

Producción de Guillem Albà



O novo espectáculo de GUILLEM ALBÀ é un regreso ás súas raíces: o seu característico universo visual. Esta vez a través dos monicreques e a comicidade de pequeno formato e dunha vibrante experiencia colectiva de proximidade. Vinte e cinco minutos de viaxe da comedia á poética, coas súas mans como punto de partida. Esta parte do corpo que nos devolve ao tanxible, cotián e artesanal, e que nos reconecta coa comunidade. Mans que crearon a maioría de cousas que utilizamos. Mans que desataron a beleza máis sublime e as máis terribles atrocidades. Mans que contan as historias que hai tanto tempo que nos unen. Reivindícalas para que non queden soas e esquecidas entre tanta tecla, pantalla e sobreinformación. Unha experiencia para lembrar a importancia do humano, sinxelo e compartido.

Nota: trátase dun espectáculo de proximidade e pequeno formato que se realizará coas localidades dispostas no baixocuberta do TRC, polo que haberá que subir bastantes escaleiras. Terá dous pases un ás 18.00h e outro ás 19.30 h, ambos con aforo reducido, un máximo de 40 persoas por función.

REPARTIMENTO:

Guillem Albà

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección e interpretación: Guillem Albà

Creación e dramaturxia: Guillem Albà Sergio Martínez e Joan Arqué

Música: Pep Pascual

Axudante de dirección: Sergio Martínez

Asesoría en manipulación: Zero En Conducta

Visión externa: Carla Tovías

Construcción: L'Estaquirot Teatre y Alfred Casas

Vestuario: Nidia Tusal

Director técnico: Oriol Ibáñez

Comunicación e distribución: Marta Riera

DURACIÓN ESTIMADA:

25 minutos (sen intermedio)


Espectáculo con aforo reducido.

ENTRADAS:

Tarifa Única



XOVES 28 DE DECEMBRO / 2023



SÍBARIS

De Domingo Villar

Producción de Condetrespés

Vinte anos despois de que a publicación de *Síbaris* o convertese na estrela máis rutilante do firmamento literario, o escritor Víctor Morel non atravesará un bo momento: incapaz de escribir nada á altura das expectativas, leva demasiado tempo bloqueado e cunha situación económica cada día máis delicada.

Laura, a súa muller, anímalo a aceptar unha invitación da Universidade da Sorbona, disposta, como tantas outras institucións, a pagar xenerosamente por unha lección maxistral do célebre autor, pero a primeira aparición pública de Víctor Morel en anos remata nun ataque de pánico e unha espantada antes de tempo.

A vida dos Morel semella afundir no desconsolo, cando Laura atopa unha saída.

REPARTIMENTO:

José Carlos Blanco Vila, María Belén Martínez Constenla, Oswaldo Digón Alba e Pablo Novoa Cid

EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

Dirección: Lois Blanco Araúxo

Deseño de luz: Daniel Rodríguez Juncal

Escenografía: Marta Villar Sanjurjo

Música: Pablo Novoa Cid

Asesor artístico: Claudio Tolcachir

DURACIÓN ESTIMADA:

90 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS:

Tarifa A



CICLO PRINCIPAL

OUTONO
2023

 **TEATRO**
Rosalía Castro



CICLO PRINCIPAL

OUTONO 2023

HORARIOS

Todas as funcións representaranse ás 20.30 h agás o espectáculo de *Ma Solitud* que terá dous pases un ás 18:00 h e outro ás 19.30 h.

Todas as representacións serán en venres e sábado agás Adictos que será xoves e venres

Puntualidade: unha vez que comece o espectáculo non se permitirá acceder á sala.

ENTRADAS

- Tarifa ISLA: 25'00, 20'00, 15'00, 10'00 €
- Tarifa Especial: 21,50 €; 15,00 €; 13,00 €; 9,50 €
- Tarifa A: 18,00 €; 14,00 €; 11,00 €; 8,50 €
- Tarifa B: 14,00 €; 10,00 €; 8,00 €; 6,50 €
- Tarifa Única: 10:00 €
- Tarifa visibilidade reducida
- butacas comprendidas entre a 37 e a 57 e a 36 e 56 en TERTULIA-: 5,00 €.
- Tarifa mobilidade reducida: establécese o prezo menor da tarifa correspondente ao espectáculo ou o 70% da tarifa cando esta é única.

DESCONTOS

- Carné xove, maiores 65 e persoas desempregadas: -20%
- Familias numerosas: -25%
- Grupos de + 20 persoas, en compra anticipada -50%

Os descontos non son acumulables entre si.

VENDA DE BILLETES

- Despacho de billetes da praza de Ourense: de luns a venres, agás festivos, de 11.00 a 15:00 h e de 16:30 a 19:30 h
- Despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro: aberto só os días de función, de 16:00 a 20:00 h
- WEB: ataquilla.com. Servizo permanente 24 h.

PAGOS

Despacho de billetes da praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito



CICLO PRINCIPAL

OUTONO 2023

MÁS INFORMACIÓN



www.coruna.es/cultura



@teatrorosaliacastro



Teatro Rosalía Castro



@TeatroRosalia



Teatro Rosalía Castro



Depósito legal: C 995-2023



PARA OÍR MELLOR:

O **TRC** dispón dun sistema de auriculares a través dos que se pode recibir sinal amplificado do son. Tamén se ofrece o servizo de bucle magnético que permite facer chegar o sinal de audio correctamente ao audífono ou implante eliminando ruído de fondo.

SISTEMA DE AUDICIÓN

Por razóns de hixiene, recomendamos traer os propios auriculares da casa. Preguntar ao persoal de sala.



CICLO PRINCIPAL

OUTONO
2023

 **TEATRO**
Rosalía Castro





CICLO PRINCIPAL

OUTONO
2023

 **TEATRO**
Rosalía Castro

ORGANIZA:



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

